

Comunicación sobre proxectos de Apoio a Producción Cinematográfica, xullo 2024 - 6%

Santiago, 19.07.2024

Dando cumprimento á Resolución modificada da Dirección Xeral da Corporación RTVG do 4 de abril de 2022 relativa ao procedemento de presentación de proxectos de producións audiovisuais de interese, de entre os proxectos recibidos nos últimos meses, a Comisión Directiva de Avaliación de Proxectos de Apoio á Producción Cinematográfica da CRTVG acordou participar en 5 das 11 propostas recibidas: 2 novos proxectos cinematográficos, 1 longametraxe de animación e 2 longametraxes documentais.

Os dous proxectos cinematográficos son dúas óperas primas: *Vidas perras*, unha película intimista con marcado acento feminino que será o salto á gran pantalla da recoñecida directora de series de ficción Gisele Llanio e presentada por Indígena Films, e unha proposta de Matriuska Producións, *O pesadelo das vacas*, película cunha mirada con perspectiva de xénero sobre a sociedade no ámbito rural dirixida por Rafa de los Arcos, director de curtametraxes e traballos documentais que se caracterizan pola súa exploración narrativa.

A longametraxe de animación seleccionada é *Decorado*, a nova proposta cinematográfica de Alberto Vázquez que tras a repercusión internacional do seu filme *Unicorn Wars* achega agora unha historia emocional de humor acedo e que sigue a mesma fórmula dos seus traballos anteriores, que tamén parten dunha curtametraxe.

En relación ás longametraxes documentais, a selección prevé dous proxectos de corte diferenciado: un documental producido por Claqueta Coqueta *Máis vivas* que espera axudar a mulleres vítimas da violencia de xénero a xerar ferramentas para o seu apoderamento persoal e inclusión social, e o proxecto *Fomos ficando sós* de Zeitun Films, un documental que parte da motivación persoal do director, Adrián Canoura, que indaga sobre o presente, pasado e futuro dunha longa tradición pesqueira: O Gran Sol.

A proposta da Comisión baséase nos criterios da devandita modificación da resolución da Dirección Xeral da Corporación RTVG, que se enmarca nos seguintes obxectivos e características:

- Favorecer a tarefa común de creación e sostemento dun sector audiovisual en Galicia que busque tamén unha mellora da sociedade, mesmo no aparentemente máis simple cometido do tempo libre e de lecer.
- Apoiar na creación audiovisual unha identidade propia como un proceso aberto onde a Corporación participe en proxectos de promoción e ampliación de produtos feitos polo sector da creación cinematográfica e como servizo que promova a garantía da continuidade dos sinais identitarios da Comunidade.

- Participar en proxectos que destaquen pola súa creatividade, calidade, viabilidade e con capacidade de repercusión na sociedade, polos medios tradicionais ou a través da súa presenza mediática nas redes sociais.
- Facer un esforzo adicional no investimento en proxectos presentados do ámbito cinematográfico, que inclúe a Lei 13/2022, do 7 de xullo, de paso que se contribúe a financiar películas e documentais, ben participando directamente na súa produción ou ben mediante a adquisición de dereitos, de acordo co Real Decreto 988/2015 do 30 de outubro.
- Ademais da calidade e viabilidade, préstase atención ao valor artístico e ao vencellamento coas realidades social e cultural galegas.
- Téñense en conta asemade os recursos humanos, biografías dos autores e historia das produtoras. De igual xeito, valóranse os recursos económicos implicados, así como as gravacións en territorio galego.

A comisión directiva de apoio ás producións cinematográficas acordou así a participación da Corporación RTVG nos seguintes proxectos cinematográficos:

"Vidas perras" de Indígena Films, Aquí y Allí Films e 3040 Cine

Vidas perras é unha historia dunha muller real que descobre o amor ao recoller un can da rúa e experimenta a raíz deste acontecemento unha claridade reveladora que lle permite identificar o culpable da súa permanente insatisfacción ante a vida.

Esta longametraxe será o debut como directora cinematográfica de Giselle Llanio, que achega unha proposta baseada nunha idea orixinal propia a que lle da forma xunto a guionista Araceli Gonda. Trátase dunha película de mulleres tanto na temática como no equipo técnico e artístico. As tres protagonistas estarán encarnadas por tres coñecidas actrices do audiovisual galego: Carmen Méndez, Mabel Rivera e Iolanda Muiños.

A rodaxe terá lugar en versión orixinal galega durante 6 semanas e media e desenvolverase integramente en Santiago de Compostela e arredores.

A película conta xa co apoio de AGADIC e estrutúrase en torno a unha coprodución entre Indígena Films, Aquí y Allí Films e 3040 Cine e vén da man dos produtores executivos Sara Horta, Pedro Hernández e Roberto Butragueño. O proxecto está pendente das axudas selectivas do ICAA, conta xa con acordos de distribución nacional e internacional e prevé a participación de TVE.

Proposta de achega por parte da TVG: 120.000.-€ en concepto de compra de dereitos de emisión e participación noutros dereitos de explotación.

"O pesadelo das vacas" de Matriuska Producciones S.L.

Este proxecto será a oportunidade de Rafa de los Arcos de debutar no cine coa súa primeira longametraxe de ficción que quere seguir o modelo de filmes como *Alcarrás*, *As bestas* ou *Cinco lobitos* e ambiciona, por tanto, ter recorrido nos festivais nacionais e internacionais.

A proposta ten a orixinalidade de poñer o foco nas outras vítimas da violencia de xénero, as familias dos que teñen que enfrontarse aos terribles actos dos seus seres queridos e teñen que xestionar emocionalmente ese trauma. Narrativamente o estilo escollido é enigmático e provoca no espectador turbación e suspense.

Destacan na ficha técnica e artística nomes de recoñecida solvencia profesional entre os que se atopan actores e actrices consolidados como Melania Cruz, Morris Durán, Diego Anido ou Denís Gómez.

A rodaxe, maioritariamente en galego, transcorre no interior de Galicia, na provincia de Ourense, sendo a paisaxe un elemento potenciador do tono e atmosfera da película.

Financeiramente trátase dunha longametraxe de baixo presuposto que se apoia na axuda de produción de AGADIC, que está en fase de pechar a colaboración coa Deputación de Ourense e os preacordos de distribución, e aspira a incorporar a TVE, Movistar e as axudas do ICAA.

Proposta de achega por parte da TVG: 90.000.-€ en concepto de compra de dereitos de emisión e participación noutros dereitos de explotación.

"Decorado " de María y Arnold A.I.E.

A nova proposta de animación de adultos de Alberto Vázquez fai crecer a historia da curtametraxe do mesmo nome, unha parodia social que pon o foco na crise existencial dunha parella e que se presenta como un relato fantástico en forma de fábula.

A estética de *"Decorado"* ten unha forte influencia da ilustración contemporánea e combina as influencias dos debuxos animados clásicos de Disney ou Looney Tunes cun acabado artístico moderno.

Desde o punto de vista financeiro, conta coa dilatada experiencia dos produtores executivos Chelo Loureiro e Iván Miñambres, e o proxecto vértébrase en torno aos apoios do País Vasco e Galicia en coprodución con Portugal e conta xa cun acordo coa distribuidora internacional Le Pacte.

Proposta de achega por parte da TVG: 200.000.-€ en concepto de compra de dereitos de emisión e participación noutros dereitos de explotación.

"Máis vivas " de Claqueta Coqueta, S.L.

Un documental que dá voz a mulleres maltratadas e que será a primeira longametraxe de Rubén Riós como director, na que empregará o mesmo método de creación xa utilizado no seu anterior proxecto audiovisual *Máis ca vida* co obxectivo de desenvolver e potenciar as capacidades de apoderamento e superación das vítimas de violencia de xénero.

O proxecto recolle as experiencias de 14 mulleres e levarase a cabo en tres localizacións distintas: As Rías Baixas, A Ribeira Sacra e Águeda en Portugal.

O proxecto levántase en base aos apoios institucionais e aos acordos de vendas que están a pechar con distintas canles dos territorios implicados.

Proposta de achega por parte da TVG: 20.000.-€ en concepto de compra de dereitos de emisión e participación noutros dereitos de explotación.

"Fomos ficando sós" de Zeitun Filma, S.L.

Un proxecto persoal do director, Adrián Canoura, e que se constrúe a partir da posta en valor da descuberta de cartas, postais e cintas de vídeo gravadas polo seu pai durante varias mareas. O documental pretende así ser unha homenaxe á figura paterna ausente pola súa entrega a unha tradición pesqueira moi arraigada: faenar no Gran Sol.

Os traballos anteriores do director que transitan desde proxectos híbridos entre documental e ficción ata fórmulas máis experimentais próximas á videocreación, permiten intuír a potencialidade da súa proposta creativa no marco dos festivais internacionais.

O proxecto está armado financeiramente e conta xa co apoio á produción de AGADIC e os Fondos privados OPP de Burela.

Proposta de achega por parte da TVG: 14.000.-€ en concepto de compra de dereitos de emisión e participación noutros dereitos de explotación.